

Por resolución da xerencia do 4 de maio de 2023 (DOG do 24 de maio) convocouse concurso de méritos ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes no cadro de persoal funcionario de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela na área de Arquivos e Bibliotecas, correspondentes aos subgrupos A1, A2 e C1.

Por resolución do 12 de xuño de 2023 aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, fixéndose un prazo para emendar os defectos que motivaran a exclusión ou omisión.

Rematado o prazo de reclamacións á listaxe provisional, e tendo en conta as alegacións presentadas, o Xerente, no exercicio das competencias delegadas que se lle recoñecen por resolución reitoral do 21 de abril de 2022 (DOG do 26 de abril), resolve:

Publicar no anexo I a listaxe definitiva de persoas admitidas e os postos aos que optan, así como as persoas excluídas.

Contra esta resolución poderase interpor un recurso de reposición perante o xerente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,  
O xerente  
Antonio Javier Ferreira Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 14/09/2023 12:03:24.

**CSV:** 5E07-6C20-437C-8C92